

**2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA**

**INSTRUCCIÓN:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números E1 e E110, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**EXAME EN GALEGO**

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. Por que se considera que o lique é unha lesión inflamatoria crónica inmunolóxica?:**

- A) Porque é unha lesión precancerosa.
- B) Porque está relacionada coa tensión emocional.
- C) Pola presenza de proliferación linfocitaria.
- D) Porque aumenta o espesor da capa córnea.

**2. Cal é unha lesión oral cancerizable no paciente xeriátrico?**

- A) Leucoedema.
- B) Glosite romboidal media.
- C) Queilite crónica exfoliativa actínica.
- D) Son certas b e c.

**3. Dos seguintes factores que debemos ter presentes durante a asistencia odontolóxica a un paciente con insuficiencia hepática, cal non se corresponde con esta patoloxía?:**

- A) Posibilidade de infección cruzada e risco de sangrado.
- B) Avermellamento da mucosa oral.
- C) Perigo de toxicidade farmacolóxica.
- D) Aparición de equimose.

**4. Cal é a pauta de profilaxe de endocardite infecciosa para realizar unha exodoncia en pacientes pediátricos alérxicos á penicilina, recomendada pola AHA?**

- A) Clindamicina 30 mg/kg de peso corporal.
- B) Cefalexina 20 mg/kg de peso corporal.
- C) Claritromicina 50 mg/kg de peso corporal.
- D) Azitromicina 15 mg/kg de peso corporal.

**5. Sinale a resposta incorrecta respecto á saliva parotídea:**

- A) Tamén pode denominarse saliva serosa.
- B) Ten altas concentracións de bicarbonato.
- C) Ten altas concentracións de calcio.
- D) Ten altas concentracións de amilasa.

**6. Na exploración radiolóxica de seguimento dun 11 reimplantado tras unha avulsión hai 5 anos apréciase unha reabsorción radicular dun terzo da raíz. Segundo a clasificación de Leowski, diría que se trata dunha reabsorción de:**

- A) Grao 1.
- B) Grao 2.
- C) Grao 3.
- D) Non existe dita clasificación.

**7. A mucosite producida como consecuencia da radioterapia empregada para o tratamento dun carcinoma de células escamosas localizado na lingua:**

- A) É unha entidade producida por axentes físicos.
- B) Prodúcese por radiacións actínicas.
- C) É un efecto somático non estocástico.
- D) Son correctas A e C.

**8. Un xogador de baloncesto acode á consulta referindo dor no incisivo central superior dereito, tras recibir un golpe o día anterior durante un partido. Na exploración apréciase dor á percusión sen mobilidade do dente, nin desprazamento. Desde o punto de vista periodontal, o diagnóstico máis probable será:**

- A) Subluxación.
- B) Intrusión.
- C) Concusión.
- D) Ningún dos anteriores.

**9. Segundo o plano do espazo no que está localizada a maloclusión pódese clasificar en:**

- A) Maloclusión saxital.
- B) Maloclusión primaria.
- C) Maloclusión secundaria.
- D) As respostas B e C son correctas.

**10. Cal das seguintes estratexias se utiliza para axudar no proceso de deixar de fumar?**

- A) Estratexia de Mc Millar.
- B) Estratexía de riscos.
- C) Estratexia das cinco A.
- D) Estratexia psicolóxica de Menderson.

**11. Cal é un músculo supraioide?**

- A) Músculo xenioioide.
- B) Músculo tiroioide.
- C) Músculo nasohioide.
- D) Músculo esternotiroide.

**12. Cal das seguintes craniosinostoses sindrómicas é de transmisión autosómica recesiva?**

- A) Síndrome de Carpenter.
- B) Síndrome de Pfeiffer.
- C) Síndrome de Saether–Chotzen.
- D) Síndrome de Crouzon.

**13. Cal non é factor de risco na aparición da carie da primeira infancia?**

- A) Niveis baixos de streptococcus mutans.
- B) Biberón ou lactación materna nocturna.
- C) Colonización oral bacteriana precoz.
- D) Fluxo ou función salival reducidos.

**14. Cal é un Residuo Biosanitario Especial ou de Clase III?**

- A) Mercurio.
- B) Cadáveres.
- C) Materiais cortantes.
- D) Disolventes.

**15. Con cal das seguintes enfermidades se relacionan as células de Tzank na citoloxía exfoliativa?:**

- A) Enfermidade ampolar.
- B) Sarcoma de kaposi.
- C) Candidiase.
- D) Lique.

**16. Onde adoita asentarse a maior porcentaxe de tumores malignos de glándulas salivais menores:**

- A) Labio inferior.
- B) Chan de boca.
- C) Labio superior.
- D) Mucosa xugal.

**17. Un paciente acode á consulta con dor nun premolar superior esquerdo. Na exploración apréciase fistulización con saída de contido purulento na mucosa vestibular de 25. Dita lesión considérase:**

- A) Unha pústula.
- B) Un nódulo.
- C) Unha lesión secundaria.
- D) Unha vesícula.

**18. Na ameloxénese imperfecta de orixe xenética:**

- A) A forma hipoplásica presenta densidade radiográfica normal.
- B) Na forma hipomadura, o esmalte ten menor radiodensidade que a dentina.
- C) Na forma hipocalcificada, a radiodensidade do esmalte é similar á da dentina.
- D) Na forma hipoplásica-hipomadura con taurodontismo os dentes teñen cámaras pulpares pequenas.

**19. Indique cal destas entidades non se considera unha lesión premaligna:**

- A) Pénfigo.
- B) Leucoplasia.
- C) Eritroplasia.
- D) Liquen plano.

**20. Como se define a dor orofacial que emana da polpa dental? Marque a resposta incorrecta:**

- A) Dor somático profundo visceral.
- B) Dor de estruturas derivadas do endodermo.
- C) Dor de estruturas derivadas do mesodermo.
- D) Dor de intensidade moi variable.

**21. As vibracións producidas polos contraángulos son nocivas para a polpa:**

- A) Entre 3.000 e 30.000 r.p.m
- B) A menos de 3.000 r.p.m.
- C) A máis de 200.000 r.p.m.
- D) A máis de 250.000 r.p.m.

**22. O programa de saúde bucodental en atención primaria establece para a poboación de 6 a 14 anos:**

- A) Visita anual.
- B) Exploración periodontal do primeiro e segundo molar cando estean erupcionados.
- C) Visita cada 9 meses.
- D) Ningunha é correcta.

**23. Cal é unha neoplasia maligna?**

- A) Pseudocarcinoma acantonado intralocular.
- B) Carcinoma odontoxénico de células claras.
- C) Carcinoma espino celular intraóseo primario-tipo sólido.
- D) As respostas B e C son correctas.

**24. Na cavidade oral existen mecanismos de defensa anti-VIH que diminúen a capacidade do virus para atravesar o epitelio da mucosa bucal. Cal dos seguintes considera un factor humoral anti-VIH na saliva?:**

- A) Anticorpos específicos anti-VIH.
- B) Inhibidor de proteasas secretorio leucocitario.
- C) Cistatinas, lactoferrinas, defensinas.
- D) Todos son factores humorais.

**25. O tratamento inicial dunha fístula cutánea de orixe odontoxénica debe ser:**

- A) Fistulectomía.
- B) Antibioterapia oral e agardar resolución espontánea.
- C) Eliminación da causa e seguimento.
- D) Non debe tratarse.

**26. Na Escala de Rud e Kisling, para valorar as reaccións do neno fronte o ambiente dental, cal é o grao que se corresponde coa "aceptación con desgana" por parte do neno?**

- A) Grao 0.
- B) Grao 1.
- C) Grao 2.
- D) Grao 3.

**27. Ante unha situación de hipoglicemia na consulta dental, como actuaría con ese paciente que está consciente?:**

- A) Inxectaríalle insulina.
- B) Proporcionaríalle un hipoglicemiante oral.
- C) Administraríalle glicosa por vía oral.
- D) Colocaríao en decúbito supino.

**28. Que músculos interveñen no peche mandibular?**

- A) Músculo Pterigideo Interno.
- B) Músculo digástrico.
- C) Músculo crural.
- D) As respostas a e b son certas.

**29. Na histoloxía do lique plano oral, o infiltrado atópase:**

- A) Ao redor dos vasos na profundidade do tecido conectivo.
- B) En banda subepitelial.
- C) Formando granulomas.
- D) Ao redor dos nervios.

**30. Que pode afectar á potencia dos desinfectantes usados na consulta odontolóxica?**

- A) A presentación comercial do axente desinfectante.
- B) A concentración do axente desinfectante.
- C) A presenza de materia orgánica nos materiais a desinfectar.
- D) As respostas B e C son correctas.

**31. Sinale a resposta falsa. Antes de realizar unha exodoncia nun paciente diabético debemos asegurarnos de que:**

- A) Presenta un adecuado control metabólico da diabete.
- B) Seguiu a pauta da medicación hipoglicemiante.
- C) Non inxeriu alimentos nas dúas horas previas, para non interferir co tratamento.
- D) Transcorrera o tempo necesario para non coincidir co pico máximo de actividade insulínica.

**32. Cal dos seguintes fármacos pertence á categoría C na clasificación establecida pola FDA (Food and Drug Administration) con respecto ao risco fetal que presentan?**

- A) Metronidazol.
- B) Cortisona.
- C) Mepivacaína.
- D) Nistatina.

**33. Sinale o correcto con respecto á pilocarpina:**

- A) Non presenta contraindicacións.
- B) É un fármaco parasimpaticomimético.
- C) Pertence á categoría B da clasificación da FDA de risco no embarazo.
- D) As respostas B e C son correctas.

**34. Indique a taxa de supervivencia estimada do cancro oral aos 5 anos do diagnóstico, a nivel mundial.**

- A) Entre o 10% e o 20%.
- B) Entre o 20% e o 30%.
- C) Entre o 30% e o 40%.
- D) Ao redor do 50%.

**35. Unha paciente con hipertiroidismo consulta porque na zona anterior da lingua aprecia unhas lesións que reproducen a forma dos incisivos inferiores. Refire unha situación persoal actual de gran ansiedade e tensión.**

- A) Son hamartomas.
- B) Son lesións autoinducidas.
- C) Son lesións relacionadas coa súa patoloxía endócrina.
- D) As respostas B e C son correctas.

**36. As pigmentacións típicas da Síndrome de Peutz-Jeghers:**

- A) Son nódulos.
- B) Son lesións por alteración pigmentaria.
- C) Son lesións elementais secundarias.
- D) Son certas B e C.

**37. Respecto ao fluor tópico profesional, o programa de saúde bucodental en atención primaria establece a súa aplicación:**

- A) Unha ou dúas veces ao ano con carácter xeral.
- B) Catro veces ao ano se existe carie rampante.
- C) Tres veces ao ano.
- D) A e B son correctas.

**38. Un neno de 7 anos é remitido polo seu pediatra por un cadro de aftas na orofarinxe e padal brando. Ademais, presenta febre e malestar xeral. Podería tratarse de:**

- A) Sarampelo.
- B) Infección por Aspergillus.
- C) Enfermidade man-pé-boca.
- D) Todas son correctas.

**39. En cal das seguintes neoplasias salivais existe unha variante de células claras?:**

- A) Carcinoma mucoepidermoide.
- B) Carcinoma de adenoma pleomorfo.
- C) Adenoma pleomorfo.
- D) Carcinoma adenoide quístico.

**40. No protocolo do tratamento da extrusión dun dente permanente como consecuencia dun traumatismo, inclúese:**

- A) Ferulización con férula ríxida.
- B) Reposicionamiento no alvéolo.
- C) Antibioterapia.
- D) Son certas B e C.

**41. En pacientes de 0 a 5 anos con risco alto de carie está indicado:**

- A) En menores de 3 anos, usar pasta dentífrica de 500 ppm de concentración de fluor.
- B) De 3 a 5 anos, usar pasta dentífrica de 1450 ppm de concentración de fluor.
- C) Aplicar verniz de fluor ao 2 por cento.
- D) Revisión oral cada 6 meses.

**42. Son factores de risco para o cancro oral:**

- A) Candidiase crónica.
- B) Sedentarismo.
- C) Radiación actínica.
- D) Son correctas A e C

**43. Na manobra de soporte vital básico, as compresións torácicas de alta calidade deben realizarse cunha frecuencia de:**

- A) 30–50 compresións por minuto.
- B) 60–80 compresións por minuto.
- C) 100–120 compresións por minuto.
- D) 160–180 compresións por minuto.

**44. En pacientes de 0 a 5 anos con baixo risco de carie está indicado:**

- A) Cepillar con pasta dentífrica de 1000 ppm.
- B) Cepillar con pasta dentífrica de 1450 ppm.
- C) Cepillar con pasta dentífrica de 2450 ppm.
- D) Enxaugues con fluoruro sódico.

**45. Cal destes antibióticos pertence á familia dos macrólidos?**

- A) Oxiquinol.
- B) Espiramicina.
- C) Ciprofloxacino.
- D) Imipenem.

**46. A isquemia cutánea tras a administración de anestésicos locais na cavidade bucal:**

- A) É máis frecuente cando se anestesia o maxilar superior.
- B) Aparece ao día seguinte da administración de anestesia.
- C) Adoita tardar días en desaparecer.
- D) Xeralmente require tratamento.

**47. Nas lesións por impetixe, é certo que:**

- A) É unha infección fúnxica.
- B) Adoita haber afectación sistémica.
- C) Frecuentemente íllanse estreptococos do grupo A.
- D) A localización máis común é intraoral.

**48. Segundo as guías do SERGAS, sinale cal das seguintes recomendacións non é correcta para realizar a exodoncia de peza única nun paciente a tratamento anticoagulante con dabigatrán:**

- A) Non tomar a dose do anticoagulante previa ao procedemento.
- B) Saber que o pico de efecto do anticoagulante é ás 2–3 horas da toma.
- C) Efectuar a intervención nas 6 horas seguintes á última toma do anticoagulante.
- D) Administrar, salvo contraindicación, ácido tranexámico 500mg, 2 ampolas bebidas cada 12 horas os 2 días anteriores á exodoncia.

**49. Indique a localización máis frecuente da leucoplasia oral:**

- A) Palatina.
- B) Xugal.
- C) Chan da boca.
- D) Cara ventral da lingua.

**50. Para conseguir unha exodoncia o máis atraumática posible, sinale en que caso estaría indicada a odontosección:**

- A) En dentes temporais.
- B) En dentes supernumerarios.
- C) En molares con raíces diverxentes.
- D) En todos os casos anteriores.

**51. Sinale a resposta incorrecta. O programa de saúde bucodental en atención primaria establece para a poboación de 3 a 6 anos:**

- A) Unha vista anual á unidade de saúde bucodental.
- B) Valoración da presenza de carie.
- C) Control de placa, sempre con revelador.
- D) Inactivación de caries incipientes con flúor.

**52. Na técnica anestésica periapical:**

- A) O bisel da agulla non se introduce cara ao óso.
- B) A agulla atravesa o periostio.
- C) A agulla introdúcese cunha angulación de 60 graos.
- D) Anestésianse pulpa e periodonto.

**53. Sinale a incorrecta respecto aos valores do índice periodontal comunitario:**

- A) Valor 2: cálculo detectado con sonda periodontal.
- B) Valor 3: bolsa periodontal de 4 ou 5 mm.
- C) Valor 4: bolsa periodontal de 6 mm ou máis.
- D) Valor 1: tecidos periodontais sans.

**54. As leucemias na cavidade oral preséntanse clinicamente como:**

- A) Nódulos violáceos.
- B) Placas de leuconiquinia.
- C) Agrandamento xinxival difuso.
- D) Hiperpigmentación.

**55. Cal das seguintes é unha vacina recomendada para todo o persoal sanitario?**

- A) Hepatite A.
- B) Hepatite B.
- C) Tosferina.
- D) Febre tifoidea.

**56. Entre as normas legislativas relacionadas co funcionamento das unidades de saúde bucodental en Galicia non se atopa:**

- A) Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade.
- B) Decreto 200/1993, do 29 de xullo.
- C) Real decreto 1594/1994, do 15 de xullo.
- D) Real decreto 63/1997, do 26 de decembro.

**57. Dos seguintes fármacos antifúnxicos azólicos, indique cal ten maior hepatotoxicidade:**

- A) Fluconazol.
- B) Ketoconazol.
- C) Clotrimazol.
- D) Itraconazol.

**58. Na sífilis secundaria é correcto que:**

- A) Aparece un chancro.
- B) Adoita existir unha erupción cutánea.
- C) É un período no que é pouco contaxiosa.
- D) Todas son correctas.

**59. Respecto á fluorose:**

- A) A fluorose dental leve caracterízase por pequenas manchas brancas no esmalte.
- B) Na afectación severa os dentes poden estar cavitados.
- C) A e B son certas.
- D) A e B son falsas.

**60. Na fase prefuncional da erupción dentaria:**

- A) O dente atópase totalmente no interior do óso.
- B) O dente é visible na cavidade bucal.
- C) Non hai crecemento vertical do dente.
- D) Todas son falsas.

**61. A alveolite tras unha exodoncia:**

- A) É a complicación infecciosa máis frecuente.
- B) É máis frecuente no maxilar superior.
- C) É máis frecuente en incisivos.
- D) Non require tratamento.

**62. Cal é unha variedade de ameloblastoma?**

- A) Poliquístico.
- B) Intralocular.
- C) Pseudodérmico.
- D) As respostas A e B son correctas.

**63. O efectuar o tratamento dental a un paciente con enfermidade renal debemos considerar varios aspectos. Sinale a resposta incorrecta:**

- A) A prevención das infeccións e a eliminación dos focos sépticos.
- B) A medicación con aminoglicósidos debido a súa ampla marxe de seguridade.
- C) O control do cálculo na cavidade oral.
- D) A nefrotoxicidade dos medicamentos.

**64. Cal das seguintes patoloxías ten como manifestación clínica característica a glosite de Hunter?:**

- A) Anemia ferropénica.
- B) Anemia perniciososa.
- C) Anemia aplásica.
- D) Talasemia.

**65. Cal dos seguintes é un tipo de mantedor de espazo fixo:**

- A) Placa palatina de Daniel Cox.
- B) Arco de Bradley.
- C) Arco lingual unido a bandas adaptadas aos primeiros molares permanentes.
- D) As respostas A e C son certas.

**66. O dente incluído con menor frecuencia é:**

- A) O terceiro molar inferior.
- B) O primeiro molar inferior.
- C) O segundo molar superior.
- D) O primeiro molar superior.

**67. Son fases da hemostase:**

- A) Vasoconstricción local.
- B) Formación do trombo plaquetario.
- C) Formación do trombo de fibrina.
- D) Todas son fases da hemostase.

**68. En cal das seguintes condicións cardíacas, as exodoncias dentais non deben ir precedidas de profilaxe antibiótica?:**

- A) Historia previa de endocardite infecciosa.
- B) Prótese valvular cardíaca.
- C) Transplante cardíaco co desenvolvemento posterior de valvulopatía cardíaca.
- D) Estenose pulmonar conxénita.

**69. A localización máis frecuente do tumor odontoxénico epitelial calcificante é:**

- A) Zona de molares e premolares mandibulares.
- B) Zona mentoniana.
- C) Maxilar superior.
- D) Tuberosidade.

**70. Respecto á pulpite irreversible:**

- A) A dor pode ser provocada ou espontánea.
- B) O pólipo pulpar é unha forma clínica de pulpite irreversible.
- C) A e B con certas.
- D) A e B son falsas.

**71. Perante a aparición dun nódulo submandibular, indoloro, indurado e con múltiples fistulizacións, o diagnóstico de sospeita clínica será:**

- A) Sífilis primaria.
- B) Actinomicose cervicofacial.
- C) Granuloma telanxiectásico.
- D) Linfoma.

**72. A clorhexidina**

- A) É un bo complemento dos procedementos mecánicos no tratamento da enfermidade periodontal.
- B) Debe usarse por un período curto de tempo para diminuír os seus efectos secundarios.
- C) O tempo de uso non inflúe na aparición de efectos secundarios.
- D) A e B son correctas.

**73. O condiloma acuminado:**

- A) Trátase con fármacos antivirais.
- B) Está producido polo Virus do Papiloma Humano.
- C) Non adoita recidivar.
- D) As respostas A e B son correctas.

**74. Os dentes con necrose pulpar:**

- A) Non responden ás probas de vitalidade térmicas.
- B) Responden ás probas de vitalidade eléctricas.
- C) Non responden ás probas de vitalidade eléctricas.
- D) A e C son certas.

**75. En el estadio III (intermedio) da clasificación de Bronstein–Meril–Wilkes da Síndrome de disfunción temporomandibular aparece:**

- A) Dor leve.
- B) Non existen bloqueos articulares.
- C) Elongación en acordeón da banda posterior.
- D) Todas son certas.

**76. Sinale a resposta correcta:**

- A) O uso de articaína con epinefrina está contraindicado en pacientes con insuficiencia cardíaca agudamente descompensada.
- B) A articaína é un anestésico local tipo éster.
- C) A lidocaína anestésico local administrada por vía sistémica non potencia o efecto dos bloqueantes neuromusculares.
- D) As respostas A e B son correctas.

**77. Na técnica de anestesia intraligamentosa:**

- A) O efecto anestésico dura máis dunha hora.
- B) Prodúcese adormecemento labial ou lingual.
- C) A infiltración realízase por vestibular en dentes uniradiculares.
- D) Ten un efecto anestésico bastante rápido en calquera localización.

**78. O clonixinato de lisina é un:**

- A) Salicilato.
- B) Alcanona.
- C) Derivado do ácido nicotínico.
- D) Derivado oxícam.

**79. De acordo ás recomendacións da Federación Dental Internacional na atención dental a pacientes infectados por VIH, sinala a incorrecta:**

- A) Non se lles debe negar a atención dental a suxeitos VIH+ por causa da súa infección.
- B) Débese realizar tratamento odontolóxico en pacientes cuxas cifras de linfocitos CD4+ atópanse por baixo dos 200/ml.
- C) O tratamento odontolóxico debe estar encamiñado a eliminar calquera foco infeccioso.
- D) É aconsellable eliminar as lesións de carie.

**80. A que enfermidade se atopa asociada a exfoliación precoz xeneralizada dos dentes temporais?**

- A) Enfermidade de Huntington.
- B) Histiocitose.
- C) Enfermidade de Wilson.
- D) Enfermidade de Lyme.

**81. Segundo as guías do SERGAS, sinala cal das seguintes opcións non se considera unha pauta recomendada para realizar unha exodoncia de peza única a un paciente con tratamento antiagregante con ácido acetilsalicílico e clopidogrel:**

- A) Considérase unha intervención de moi baixo risco hemorráxico.
- B) Neste caso é necesario suspender o tratamento antiagregante con clopidogrel.
- C) Non é necesario suspender o tratamento con ácido acetilsalicílico.
- D) Non é necesario suspender o tratamento antiagregante con clopidogrel.

**82. Cal é a causa máis frecuente da imaxe radiolúcida patolóxica dos maxilares?**

- A) Quistes non odontoxénicos.
- B) Tumores.
- C) Patoloxía pulpar.
- D) Secuestros óseos.

**83. Que é a esquizodoncia?**

- A) É a unión de dúas ou máis pezas dentarias a nivel do cemento radicular.
- B) É un dente invaxinado.
- C) É a división completa dun xerme dental en dúas pezas dentarias xemelgas.
- D) É a unión a nivel da dentina e/ou esmalte de dúas ou máis pezas dentarias desenvolvidas separadamente.

84. Respecto aos riscos profesionais pola carga de traballo, cal non afecta a nivel da man?

- A) Síndrome do túnel carpiano.
- B) Dedo en gatillo.
- C) Tendinite do manguito dos rotadores.
- D) Tendinite de Quervain.

85. Sinale a resposta incorrecta respecto ao lupus eritematoso:

- A) É frecuente o engrosamento simétrico do labio superior.
- B) Presenza de invasión cutánea perilabial.
- C) Aparición de placa eritematosa en labio lúpico.
- D) As lesións labiais poden aparecer nas dúas formas de enfermidade, discoide e sistémica.

86. Entre a sintomatoloxía asociada á candidiase oral inclúese:

- A) Disxeusia.
- B) Anosmia.
- C) Xerostomía.
- D) Todas son correctas.

87. Na extracción dental con fórceps:

- A) A fixación das valvas debe ser o máis coronal posible.
- B) As valvas non deben estar ao mesmo nivel interna e externamente.
- C) O eixo do fórceps debe estar paralelo ao eixo do dente.
- D) O fórceps actúa como unha panca de primeiro xénero.

88. A técnica de biopsia máis indicada para o estudo dun mucocele no beizo inferior é:

- A) Biopsia incisional.
- B) Biopsia excisional.
- C) Biopsia por aspiración con agulla fina.
- D) Biopsia por cepillado.

89. É un síntoma habitual da xenxivite ulceronecrotizante:

- A) Halitose.
- B) Axeusia.
- C) Xerostomía.
- D) Son correctas A e B.

90. Sinale a resposta falsa con respecto á osteorradionecrose:

- A) O óso irradiado sofre unha necrose aséptica con perda da capacidade rexenerativa dos tecidos osteoxénicos.
- B) Existe unha lesión dos osteoblastos e osteocitos con fibrose dos tecidos circundantes e trombose dos vasos sanguíneos.
- C) O tecido óseo irradiado vólvese hipervascular, hipocelular e hipóxico.
- D) Os linfocitos, células plasmáticas e macrófagos infiltran os tecidos e acaban substituíndo á medula ósea.

91. En que patoloxía emprégase como proba diagnóstica a Reacción de Kvein?:

- A) Pioestomatite vexetante.
- B) Granulomatose de Wegener.
- C) Sarcoidose.
- D) Enfermidade de Crohn oral.

92. Cal das seguintes patoloxías non presenta xenxivite descamativa?:

- A) Pénfigo vulgar.
- B) Síndrome de Behçet.
- C) Penfigoide.
- D) Lique plano.

93. Sinale cal é unha artrite autoinmune do complexo articular temporomandibular:

- A) Artrite postraumática.
- B) Espondiloartrítides.
- C) Artrite supurada.
- D) Todas son falsas.

94. Que é o cloasma nas mulleres embarazadas?

- A) Unha alteración do ritmo gastrointestinal.
- B) Un aumento de pigmentación pardoamarelenta en fazulas, fronte e nariz.
- C) Un aumento do volume urinario con diminución da súa densidade.
- D) Dispnea en posición de decúbito.

95. O índice CAO mide:

- A) A media de dentes definitivos afectados por neno.
- B) A media de dentes temporais afectados por neno.
- C) A proporción de dentes cariados do total de dentes revisados
- D) Todas son falsas.

96. Son aspectos relevantes a ter en conta durante o manexo odontolóxico a un paciente con enfermidade de Parkinson. Sinale a opción falsa:

- A) Tremor na musculatura facial con dificultade para a retención das próteses dentais removibles.
- B) Babeo por alteracións da deglución.
- C) Hipercinesia.
- D) Inestabilidade postural con risco de hipotensión ortostática.

97. Dos seguintes oncoxenes, sinale cal se relaciona cun efecto protector do cancro oral:

- A) p25.
- B) p53.
- C) p16.
- D) Son certas B e C.

98. Que fármaco utilízase na axuda para deixar de fumar?

- A) Donepezilo.
- B) Erenumab.
- C) Vareniclina.
- D) Enzalutamida.

99. Cal é a cantidade mínima de fluor en ppm que debe ter unha pasta dentífrica para ser eficaz na prevención da carie?

- A) 1000.
- B) 500.
- C) 1500.
- D) 2000.

100. A localización primaria máis habitual da infección odontoxénica que afecta ao incisivo central superior é:

- A) Vestibular.
- B) Palatina.
- C) Labial.
- D) Nasal.

#### Preguntas de reserva

1. Unha anciá de 82 anos portadora dunha prótese completa desde hai máis de 10 anos refire dor nas comisuras labiais, presentando unha queilite angular. Sinala a conduta a seguir:

- A) Comprobar a dimensión vertical da prótese.
- B) Mergullar a prótese pola noite nunha solución antiséptica cun ph menor de 5.
- C) Aplicar un tratamento tópico de fluconazol sobre a lesión.
- D) Todas son correctas.

2. Sinala a resposta incorrecta das seguintes normas xerais para o manexo do paciente cardiópata:

- A) A posición ideal deste paciente na cadeira de brazos dental sería en decúbito supino puro.
- B) Debe lograrse unha adecuada profundidade anestésica.
- C) Calquera estímulo doloroso durante a cirurxía oral pode desencadear unha taquicardia.
- D) B e C son correctas.

3. Cuando unha pericoronarite orixina dor intensa, odinofaxia, eritema, trismus e supuración, atopámonos perante un cadro de:

- A) Pericoronarite crónica.
- B) Pericoronarite conxestiva.
- C) Pericoronarite supurada.
- D) Pericoronarite de Vincent.

4. Segundo a clasificación de Pell e Gregory, un cordal inferior incluído en posición horizontal diríase que está situado, con respecto á rama ascendente da mandíbula e ao segundo molar inferior, en posición de:

- A) Clase I.
- B) Clase II.
- C) Clase III.
- D) Clase IV.

5. A síndrome de Sluder:

- A) Pode estar relacionada coa patoloxía do cordal superior.
- B) É unha patoloxía hereditaria.
- C) Ten un patrón de herencia autosómico recesivo.
- D) Son correctas B e C.

6. A realización dunha biopsia nunha Unidade de Odontoloxía de Atención Primaria estaría indicada perante unha sospeita de:

- A) Melanoma.
- B) Leucoplasia.
- C) Hemanxioma.
- D) Liña alba.

7. Na clasificación TNM das neoplasias, a letra N relaciónase con:

- A) O tamaño dos ganglios afectados.
- B) O número de ganglios afectados.
- C) A existencia de metástase.
- D) Son correctas A e B.

8. Na Síndrome de disfunción temporomandibular, o bloqueo articular subagudo, en función da súa cronoloxía, presenta un tempo de evolución de:

- A) Menos de 1 mes.
- B) De 1 a 3 meses.
- C) De 4 a 6 meses.
- D) De 6 a 8 meses.

9. Un dente que está impactado:

- A) Está incluído.
- B) Non erupciona porque unha barreira física llo impide.
- C) Está malposicionado.
- D) Todo o anterior é correcto.

10. Os axentes biolóxicos do grupo de risco 2:

- A) Provocan enfermidades graves con elevado risco de propagación á poboación.
- B) Poden causar unha enfermidade para a que adoitan existir medidas preventivas ou terapéuticas
- C) Provocan enfermidades mortais.
- D) É pouco probable que causen unha enfermidade.